

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO DE SOLDADURA CON CHAPA FINA, TUBAXES REDONDOS E CADRADOS CON TIG E MIG/MAG"

1.- Obxeto

A finalidade destas bases é seleccionar ó alumnado que participará na acción formativa de *Soldadura con chapa fina, tubaxes redondos e cadrados con TIG e MIG/MAG* que se levará a cabo durante o ano 2017 na nave 3 do edificio Forum Carballo. Esta formación ten unha duración total de 616h; das cales 100h. son de prácticas non laborais en empresas. As restantes estarán divididas entre a formación en prevención de riscos laborais (66h.) e 450h. de formación vinculada á fabricación mecánica.

2.- Finalidade

Formar profesionalmente a 15 alumnos/as no ano 2017 no sector da carpintería metálica, máis concretamente en soldadura TIG e MIG/MAG e procesos de pulidos e satinados, baixo parámetros de calidade que se axusten ás necesidades reais do mercado de traballo favorecendo a inserción dos/as desempregados/as a un posto de traballo e/ou mellorando a cualificación das persoas traballadoras en activo.

A acción formativa terá unha duración total de 616h. Iniciará o 7 de marzo e finalizará o 12 de xullo de 2017 cun horario de luns a venres de 8.00h a 15.00h. Desenvolverase no forum Carballo excepto as prácticas non laborais en empresas que se realizarán, dende o 26 de xuño ata o 12 de xullo (previsiblemente), nas empresas colaboradoras e terán unha duración de 100 h. lectivas.

3.- Requisitos dos aspirantes

Os criterios para participar no proceso de selección como son:

- A) Ter un mínimo de 18 anos cumpridos no momento de presentar a súa solicitude.
- B) Posuír 12 meses de experiencia laboral, demostrable, no sector do metal ou estar en activo nese sector no momento da súa

inscrición; ou posuír unha titulación académica ou un curso de formación profesional para o emprego cunha duración mínima de 200 h. nunha familia profesional vinculada ao sector, ou equivalente.

4.- Inscricións

O prazo de presentación de solicitudes será do **22 de febreiro até o 27 de febreiro de 2017 en horario de 9.00h a 13.00h de luns a venres.**

As solicitudes estarán á disposición dos/as candidatos/as no 2º andar do Edificio Forum. Entregaranse neste departamento unha vez cuberta e FIRMADA polo/a candidato/a. Coa solicitude non se entregará ningunha documentación complementaria.

5.- Proceso de selección. Exercicios

Este proceso de selección constará de 2 exercicios eliminatorios cada un deles, de modo que, non poderán pasar ao segundo exercicio os/as aspirantes que non acaden unha calificación mínima establecida no primeiro exercicio e que se especifica a continuación.

Os 2 exercicios son sumatorios (sempre e cando alcancen a puntuación mínima esixida en cada un deles: 5) e a súa porcentaxe sobre a nota final sería 70% e 30% respectivamente.

A listaxe de aspirantes que superan cada proba e polo tanto continúan no proceso, farase pública no taboleiro sito no segundo andar do edificio forum Carballo. A relación de candidatos/as e o seu baremo publicitarase nun prazo non superior a tres días dende a data de realización da proba. Con cada baremación tamén se publicitará a data do seguinte exercicio.

En caso de empate, e para dirimir este, atenderase en primeiro lugar á proba que ten maior valor na puntuación total e que corresponde ó exercicio teórico (70%), e en segundo lugar, de persistir o empate, á puntuación obtida no segundo de maior relevancia pola súa puntuación e que corresponde á entrevista (2º exercicio cun 30%).

Se sigue existindo o empate resolverase por orde alfabética comenzando polos/as aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra "O",

atendendo á orde do 3 de febreiro de 2016 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Dog núm.29 do 12 de febreiro de 2016).

En todo caso, o tribunal seleccionador velará, sempre que sexa posible e se cumpra cos criterios establecidos neste proceso de selección, polo equilibrio de xénero no acceso.

Na listaxe final publicitarase os/as 15 aspirantes que formarán parte da acción formativa de "Soldadura con chapa fina, tubaxes redondos e cadrados con TIG e MIG/MAG" e os/as suplentes que accederán ás vacantes que poidan xurdir. A orde de colocación dos/as aspirantes na lista definitiva de aprobados/as establecerase de maior a menor puntuación.

5.1.- Primer exercicio: Proba escrita de contidos teóricos e test psicotécnico

A proba terá como obxeto avaliar, obxetivamente, os coñecementos, aptitudes e habilidades dos/as aspirantes neste ámbito profesional. Consistirá en contestar nun tempo máximo de 40 minutos un cuestionario tipo test de 40 preguntas con tres respostas alternativas das que só 1 será a correcta.

Das 40 preguntas 30 estarán vinculadas á temática específica do curso e 10 corresponderán a un test psicotécnico. O exercicio será calificado de 0 a 10, e será preciso acadar un mínimo de 5 ptos para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen esta puntuación mínima serán eliminados do proceso.

Cada pregunta correcta terá un valor de 0.25 e as respostas erróneas (mal contestadas) terán unha penalización de 0.125 puntos. As preguntas non contestadas non teñen penalización.

5.2.- Segundo exercicio.- Entrevista curricular e por competencias

Nesta fase, o tribunal valorará ós/ás aspirantes en relación á súa idoneidade para esta ocupación atendendo os seguintes ítems: dispoñibilidade horaria e xeográfica, dispoñibilidade para a



movilidade nacional e internacional, capacidade do/a aspirante a desempeñar varias tarefas e ocupacións vinculadas ao sector do metal (polivalente), ademáis da súa actitude, motivación e interese pola acción formativa e súa traxectoria laboral no sector da fabricación mecánica.

Os/as aspirantes deben aportar toda a documentación curricular que posúan para que o tribunal poida avaliala (cv, vida laboral, contratos de traballo, cursos,...).Os/as aspirantes que non presenten a documentación non se lle terá en conta no proceso e polo tanto non poderá ser valorada.

A entrevista será valorada cun máximo de 10 puntos. Para poder superar esta fase é necesario obter unha puntuación mínima de 5.